

AUTORIZACIÓN DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Unha vez aprobados, polo Comité Executivo da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, visto o exposto no informe xustificativo e asinado o correspondente convenio de transferencia de crédito coa Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia para executar a obra obxecto deste expediente,

RESOLVO

AUTORIZAR o inicio do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación pola Fundación Feiras e Exposicións de Ourense da obra de impermeabilización de cuberta plana do edificio de oficinas do recinto de Expourense de acordo co programa de necesidades enumeradas nos documentos que revisten carácter contractual especificados na cláusula I da folla de características do Prego de Cláusulas administrativas particulares por importe máximo de SETENTA E SEIS MIL OITOCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS, 76.894,82 € (IVE incluído), e nos termos expresados nos apartados anteriores.

Ourense, 5 de xuño de 2023



Rogelio Martínez González
Director Xerente
Fundación Feiras e Exposicións de Ourense